



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Travesa de Basquiños 9, baixo
15.704 Santiago de Compostela
Tfno e fax: 981-570099
Correo: adega@adega.info
Páxina electrónica: www.adega.info

ASUNTO: Denuncia ante a Fiscalía de Medio Ambiente, demandando a paralización definitiva da tramitación do Proxecto de Explotación SONSOLES IV, 6156.1, no concello das Pontes de García Rodríguez, provincia da Coruña, promovido por Picobello Andalucita S.L., (Expediente 374/2006)) e publicada no Diario Oficial de Galicia nº 48, de 11 de marzo de 2010, segundo resolución do Departamento Territorial da Coruña.

Humberto Fidalgo Couce con DNI XXXXXXXX-X actuando en representación de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) con domicilio a efectos de notificación no Apartado de Correos 481 de Ferrol

EXPÓN:

1. Que no prazo establecido, e con data de 4 de xuño de 2007, ADEGA (Delegación de Trasaancos) ten formulado alegacións ao Estudo de Impacto Ambiental e ao Plan de Restauración do Proxecto de Concesión de Explotación SONSOLES IV 1ª fracción nº 6156.1 da provincia da Coruña, promovido por Picobello Andalucita S.L., (D.O.G de 2 de maio de 2007).

2. Que nas devanditas alegacións, tras expoñer e argumentar unha serie de razóns, solicitaba a paralización da tramitación do proxecto de referencia por non axustarse a dereito e resultar inaxeitado natural, social e culturalmente.

3. Que no citado D.O.G. nº 48, de 11 de marzo de 2010, sinalase que durante o período de consultas solicítanse informes, entre outros, á Sociedade Galega de Historia Natural, sen que exista constancia, no noso Rexistro de Correspondencia, da existencia desa solicitude. Esta circunstancia, obviamente, impediu que esta entidade poidera exercer axeitadamente ese dereito.

4. Tendo en conta que con data do 26 de decembro de 2006 ten entrada na entón Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible un proxecto e o correspondente estudo ambiental co obxecto de solicitar dereitos mineiros por parte da Empresa Picobello Andalucita S.L., e transcorridos trinta e nove meses continúaase coa tramitación, entendemos que o órgano competente da administración pública desatende o cumprimento dos prazos nos que por lei está obrigado a ditar resolución. Así, a Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, indica:

“Artículo 26º.-Resolución.

1. El órgano minero competente dictará la resolución que ponga fin al procedimiento en el plazo máximo de doce meses, incorporando, en su caso, los condicionamientos que resulten de los informes preceptivos.

4. Transcurrido el plazo máximo de doce meses sin que se hubiera notificado resolución expresa, podrá entenderse desestimada la solicitud.”

En base a este artigo, enténdese que a solicitude, no seu momento, foi denegada por silencio administrativo.

A razón aludida pola Consellería para explicar esta demora na tramitación é a ausencia da emisión, por parte da Secretaría Xeral de Calidade Ambiental, do informe de avaliación ambiental, pero segundo o Decreto 442/1990 , de 13 de setembro de 1990, de avaliación de impacto ambiental para Galicia, dita Secretaría Xeral contaba cun prazo de sesenta días para emitir o seu informe:

“Artigo 5.

4. Declaración de impacto ambiental.

Unha vez que o órgano ambiental reciba o informe, formulará no prazo de sesenta días a declaración do impacto ambiental que determinará, para os seus efectos ambientais, a conveniencia ou non de realiza-lo proxecto, e en caso afirmativo fixará as condicións nas que se deba realizar.”

Se ben é certo que este órgano administrativo incumpre a normativa legal que obriga á presentación do informe nos prazos correspondentes, e por tanto débenselle esixir responsabilidades, isto non é xustificación para demorar o proceso, entendéndose que a Consellería de Industria incumpre coas súas obrigas ao non requerir dito informe:

Ley 30/92, de 26 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común:

“Artículo 41. Responsabilidad de la tramitación.

1. Los titulares de las unidades administrativas y el personal al servicio de las Administraciones Públicas que tuviesen a su cargo la resolución o el despacho de los asuntos, serán responsables directos de su tramitación y adoptarán las medidas oportunas para remover los obstáculos que impidan, dificulten o retrasen el ejercicio pleno de los derechos de los interesados o el respeto a sus intereses legítimos, disponiendo lo necesario para evitar y eliminar toda anomalía en la tramitación de procedimientos.”

5. Sen prexuízo do alegado no punto anterior, debemos denunciar, así mesmo, a actuación da Secretaría Xeral de Calidade Ambiental no que respecta ao contido do seu informe de impacto ambiental, polas seguintes razóns:

a) As valoracións do Impacto Ambiental fanse unicamente sobre unha das dúas cuncas fluviais afectadas, a do Río Eume, omitindo expresamente a afección á cunca do Río Beelle. Dicimos “expresamente” pola razón de que se encadra o Rego Cernadas na cunca do Río Eume e non na cunca do Río Beelle, como corresponde coa realidade. Debido a esta omisión, enténdese claramente porque non se fai un balance axeitado sobre as afeccións a esta cunca.

A gravidade do erro cometido pola Secretaría Xeral de Calidade Ambiental ponse de manifesto pola circunstancia de que sexa a cunca do Río Beelle a única irreversiblemente afectada de entrambas as dúas cuncas fluviais, xa que é no Rego Cernadas (o nacemento do Beelle) onde se ubica a zona perimetral do xacemento.

b) En canto á outra cunca, a do Río Eume, de levarse adiante o proxecto nos termos descritos, a afección sería tamén de consideración. A forte pendente das abas do val no que se ubicaría a escombeira exterior faría imposible, ao noso parecer, a implantación no lugar das medidas correctoras indicadas no proxecto. Esta apreciación da nosa entidade non podería ser motivo suficiente de alegación neste contexto de notificación á Fiscalía, se non fose que non se presentou ningunha outra alternativa de ubicación. A este respecto, citamos o Real Decreto Lexislativo 1/2008, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos:

“Artículo 6. Solicitud de evaluación de impacto ambiental para proyectos del anexo I.

1. ... La solicitud se acompañará de un documento inicial del proyecto con, al menos, el siguiente contenido:

b) Las principales alternativas que se consideran y análisis de los potenciales impactos de cada una de ellas.”

No informe de avaliación ambiental non se fai referencia á esixencia de que se presenten varias alternativas a estudar.

c) No informe de avaliación ambiental non se detallan as repercusións negativas derivadas da execución do Proxecto sobre o Parque Natural das Fragas do Eume,

incluído na Rede Natura 2000, situado a tan só 50 metros de distancia da zona da extracción.

A este respecto, cómpre ter en conta o indicado no apartado 1 da Disposición adicional cuarta do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de avaliación de impacto ambiental de proxectos:

“La evaluación de los proyectos que, sin tener relación directa con la gestión del lugar de que se trate de la Red Natura 2000 o sin ser necesario para la misma, pueda afectar de forma apreciable a los citados lugares ya sea individualmente o en combinación con otros planes o proyectos, se someterá a una adecuada evaluación de sus repercusiones en el lugar teniendo en cuenta los objetivos de conservación de dicho lugar, conforme a lo dispuesto en la Ley 42/2007, de patrimonio natural y de la biodiversidad, sin perjuicio de lo establecido en la presente ley.”

d) Tampouco se fala das repercusións sobre o Río Belelle. Hai que ter en conta que o xacemento enclávase na cabeceira do Río Cernadas, eliminándose o propio cauce do río, sendo esta unha zona de turbeiras altas activas, identificadas na Directiva 97/62/CE, do Consello da Unión Europea e figurando no Anexo I, que relaciona Tipos de hábitats naturais de interese comunitario cuxa conservación require a designación de zonas de especial conservación. Identifícase no anexo co código 7110, como un hábitat prioritario.

Debido ás características destes ecosistemas singulares, nas cabeceiras de ríos é imposible implantar medidas correctoras dos impactos, xa que non se trata dunha soa ou varias fontes, senón de multitude de surxencias, augas difusas imposibles de concentrar e despois canalizar nun punto concreto. Isto suporía a detracción na cunca do Belelle dunha alta porcentaxe de auga, poñendo en perigo a viabilidade do equilibrio hidráulico.

Expostas todas estas eivas no contido do informe de avaliación ambiental, e aténdonos ás disposicións xerais do RD 1/2008 , sobre a avaliación de impacto ambiental de proxectos, que no artigo 1, apartados 2 e 3, definen como obxecto:

“Artículo 1. Objeto.

- 2. Esta ley pretende asegurar la integración de los aspectos ambientales en el proyecto de que se trate mediante la incorporación de la evaluación de impacto ambiental en el procedimiento de autorización o aprobación de aquél por el órgano sustantivo.*
- 3. La evaluación del impacto ambiental identificará, describirá y evaluará de forma apropiada, en función de cada caso particular y de conformidad con esta ley, los efectos directos e indirectos de un proyecto sobre los siguientes factores:*
 - a) El ser humano, la fauna y la flora.*
 - b) El suelo, el agua, el aire, el clima y el paisaje.*
 - c) Los bienes materiales y el patrimonio cultural.*
 - d) La interacción entre los factores mencionados anteriormente.”*

E aténdonos tamén á Ley 30/92, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común :

“Artículo 62. Nulidad de pleno derecho.

1. Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes:

- c) Los que tengan un contenido imposible.*
- e) Los dictados prescindiendo total y absolutamente de procedimiento legalmente establecido o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad de los órganos colegiados. “*

“Artículo 63. Anulabilidad.

- 1. Son anulables los actos de la Administración que incurran en cualquier infracción del ordenamiento jurídico, incluso la desviación de poder. “*

En base a este articulado, e polo feito de que non se avalía ningunha das características existentes no estudo de impacto ambiental sobre a zona do xacemento, sendo isto un paradigma do “contido imposible” ao que fai referencia o artigo citado, por parte de ADEGA, esiximos ás consellerías implicadas a anulación da validez do informe de impacto ambiental. Esta mesma solicitude facémola extensiva á Fiscalía de Medio Ambiente.

Por todo o exposto, demandamos a paralización definitiva da tramitación do proxecto e que se obre segundo o disposto na lexislación, tomando todas as medidas que se consideren oportunas, esixindo as responsabilidades ás que haxa lugar.

Ferrol, a 12 de abril de 2010

Asdo.: Humberto Fidalgo Couce
Vicepresidente de ADEGA.Delegación de Trasancos

SR. FISCAL DE MEDIO AMBIENTE DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA